

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

## 1. Introducción

### ASPECTOS LEXISLATIVOS

A programación do Departamento de Xeografía e Historia desenvolve e concreta a aplicación da LOMLOE en 1º curso de E.S.O.. Vén determinada polo Decreto 156/2022, do 15 de setembro, (DOG Nº 183. Luns, 26 de setembro de 2022), polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e tamén polas seguintes Ordes:

- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

### CONTRIBUCIÓN DA MATERIA

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercitar a cidadanía activa e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa en que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito, implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle formula dilemas e na cal o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos do século XXI a que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se lles deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispoñen a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.

Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se concede agora tanto á Xeografía como á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais; a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global; o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable (axenda 2030); o exercicio da solidariedade e a cohesión social; o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades; o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas; a valoración e conservación do patrimonio; a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas "o pensamento xeográfico e o histórico" coa capacidade crítica e de concienciación.

- O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial ao redor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. E é que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de

actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha procura sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico.

- O pensamento histórico defínese como o proceso levado a cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre estes, desde unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos.

Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas) sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.

Tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Os criterios de avaliación e os contidos, estruturados en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da que partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo no que vive.

1.- O primeiro bloque, «Retos do mundo actual», contribúe a que se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable.

2.- O segundo bloque, «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e a experimentación.

3.- O terceiro bloque, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia, ou o sentirse parte activa do devir da sociedade.

A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

No relativo aos contidos, o primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental. O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concirne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

### Descrición:

#### Competencias

A Recomendación do Consello da Unión Europea de 2018 conceptualiza as competencias como combinacións complexas e dinámicas de coñecementos, destrezas e actitudes, nas que:

- Os coñecementos componse de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha área ou tema concretos.
- As destrezas defínense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados.
- As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

#### As competencias clave

As competencias clave segundo a Recomendación do Consello son «aquelas que todas as persoas necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoais, a súa empregabilidade, integración social, estilo de vida sostible, éxito na vida en sociedades pacíficas, modo de vida saudable e cidadanía activa».

As competencias clave son transversais a todas as áreas e deben orientar a aprendizaxe do alumnado. Relaciónanse coas competencias específicas e cos perfís de saída das diferentes áreas. A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todos os saberes se orientan cara a un mesmo fin e, á súa vez, a adquisición de cada competencia contribúe á adquisición de todas as demais.

Na LOMLOE son competencias clave as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM, polas súas siglas en inglés).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

As competencias específicas

Están vinculadas ás áreas, aos ámbitos ou materias e concréntanse mediante os descritores operativos das competencias clave. De tal modo que, da avaliación destas competencias, se poida inferir, de forma directa, o grao de consecución das competencias clave e dos obxectivos da etapa.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A cartografía, a ferramenta dos xeógrafos. O planeta Terra. A representación da Terra. As formas da Terra. Ríos e mares.	Céntrase no estudo das ferramentas que emprega o xeógrafo. Tamén aborda o estudo da Terra como parte do Sistema Solar: a súa estrutura interna e externa; a distribución de océanos e continentes; as formas do relevo e a súa formación; a representación da Terra: os mapas; as coordenadas xeográficas; os fusos horarios; os océanos, ríos e mares e o seu funcionamento. É por último, o estudo do medio físico (relevo) de Europa, España e Galicia.	10	12	X		
2	Tempo e clima. Elementos e factores do clima.	Céntrase no estudo dos conceptos tempo e clima, das ciencias que estudan o tempo atmosférico e os seus cambios (meteoroloxía) e da ciencia que se ocupa do estudo do clima, das súas causas e variacións a longo prazo (climatoloxía), do lugar onde teñen lugar os fenómenos meteorolóxicos, da importancia que ten a atmosfera na vida na Terra, dos elementos que determinan o clima (temperatura, humidade e precipitación, presión atmosférica e vento) e dos factores que os modifican (latitude, altitude e distancia do mar), dos mapas do tempo e climogramas e tamén da influencia do tempo e do clima na nosa vida.	10	10	X		
3	O Clima. Emerxencia climática.	É unha continuidade da unidade 2. Nesta unidade abórdase a análise da influencia humana na atmosfera: a contaminación atmosférica, o quecemento global e o cambio climático e as súas consecuencias visibles (catástrofes climáticas). Un problema medioambiental que temos que afrontar conxuntamente para poder asegurar o futuro desenvolvemento de tódolos seres vivos.	4	5	X		
4	As paisaxes naturais da Terra: o bioclima ecuatorial, tropical, desértico, continental,	Céntrase na análise das distintas paisaxes naturais da Terra: a selva, a sabana, os desertos, a paisaxe mediterránea, a	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	mediterráneo, oceánico e das rexións frías.	oceánica, a continental e as paisaxes das rexións frías. Concretamente abórdase as características das distintas zonas bioclimáticas da Terra (clima e vexetación). É por último, o estudo das características bioclimáticas de España e Galicia.	10	10	X		
5	As paisaxes naturais. O impacto humano sobre o medio natural.	É unha continuidade da unidade 4. Abordaranse as principais ameazas que afronta o medio natural, facendo fincapé na necesidade de manter o equilibrio entre o medio natural e as actividades humanas.	4	5	X		
6	As sociedades prehistóricas.	Céntrase no estudo da Prehistoria e das súas etapas, a evolución do ser humano e as formas de vida no Paleolítico, no Neolítico e na Idade dos Metais.	10	10		X	
7	A civilización mesopotámica.	Abórdase o estudo da organización política, social e económica e da relixión, a cultura e a arte na civilización mesopotámica.	10	10		X	
8	A civilización Exipcia.	Trata de abordar o estudo da organización política, social e económica e da relixión, a cultura e a arte na civilización exipcia.	10	10		X	
9	A civilización grega.	Abordarase a análise do territorio e a historia da antiga Grecia, o helenismo e as formas de vida, a cultura e a arte dos gregos, así como da súa herdanza á civilización occidental.	10	10			X
10	A civilización romana.	Abordarase a análise da extensión do imperio romano, a historia, as formas de vida, a arte e as crenzas dos romanos, así como da súa herdanza na civilización occidental.	10	10			X
11	Os pobos xermánicos.	Céntrase no estudo das causas da caída da crise do Imperio romano, a fragmentación do Imperio romano e a aparición dos reinos xermánicos. Contidos troncais coa materia de XeHi 2º ESO.	2	3			X
12	As expresións artísticas na Antigüidade.	Céntrase na análise das manifestacións artísticas da civilización grecorromana: arquitectura, escultura, pintura, cerámica e mosaicos.	10	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A cartografía, a ferramenta dos xeógrafos. O planeta Terra. A representación da Terra. As formas da Terra. Ríos e mares.	12



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes xeográficas (cartografía, táboas informativas, gráficas, imaxes xeográficas, etc), a través de textos escritos.	PE	70
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de identificar os principais problemas, retos e desafíos mediambientais aos que se enfronta a humanidade e valora que o futuro da vida da Terra pasa por lograr un desenvolvemento sustentable.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Sabe localizar un punto no mapa (coordenadas xeográficas) e utilizar un mapa de fusos horarios.		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Recoñece o importante papel de todos os axentes sociais na consecución dun planeta máis sostible e adopta un compromiso na loita pola consecución das metas específicas dos ODS.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de interpretar e expor a información básica contida nun mapa, gráfica ou imaxe xeográfica.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de presentar un caderno dotado de contidos propios (esquemas da unidade, mapas xeográficos, imaxes de acontecementos relevantes do pasado e do presente, etc.).	TI	30
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de adquirir e construír o seu propio coñecemento, a través de proxectos de investigación ou mediante a resolución de retos (ata que punto o relevo e os factores que o modelan condicionan as nosas vidas?; como empregas a auga na túa vida cotiá?)		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe elaborar mapas físicos do mundo, de Europa, de España e de Galicia.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece varias accións de defensa da contorna e valorar a necesidade de protección dos espazos naturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Tempo e clima. Elementos e factores do clima.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Diferenza os conceptos tempo e clima, meteoroloxía e climatoloxía e coñece os elementos que determinan o tempo/clima e os factores que o condicionan.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe analizar un climograma e ler mapas do tempo e de climas.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de presentar un caderno dotado de contidos propios relacionados coa unidade. Contrasta fontes para comprobar a influencia do tempo atmosférico e do clima na vida dos seres humanos.	TI	30
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de adquirir e construír o seu propio coñecemento, a través de proxectos de investigación ou mediante a resolución de retos (saberías pronosticar que tempo virá mañá?).		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de elaborar e interpretar un climograma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O Clima. Emerxencia climática.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes xeográficas, a través de textos escritos.	PE	70
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece algunha das medidas implementadas polo Estado para paliar a emerxencia climática.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece varios efectos actuais da emerxencia climática e interpreta as causas do quecemento global.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece as causas e consecuencias do cambio climático. Aporta dúas accións para frear o cambio climático, propón medidas de alcance persoal que poida adoptar o centro/concello para aforrar enerxía e aporta argumentos ao Estado para que subscriba un protocolo global destinado a frear o quecemento global		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de presentar un caderno dotado de contidos propios relacionados coa unidade.	TI	30
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica algún dos riscos do cambio climático e mostra interese polas iniciativas dos gobernos na redución do aire nocivo á atmosfera (Cumios climáticos).		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora documentos sobre os efectos do cambio climático a partir de fontes.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Propón medidas para paliar a emerxencia climática. Asume un compromiso persoal para paliar o impacto do cambio climático sobre o medio ambiente e as persoas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	É capaz de argumentar sobre os efectos do cambio climático a partir de fontes.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de forma activa e argumentada en debates orais cos seus compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	As paisaxes naturais da Terra: o bioclima ecuatorial, tropical, desértico, continental, mediterráneo, oceánico e das rexións frías.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Emprega terminoloxía xeográfica na descripción das paisaxes naturais da Terra.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identifica os principais elementos que caracterizan as distintas paisaxes naturais da terra e as principais ameazas que afrontan (deforestación, transformación, desertización, etc.) e analiza unha paisaxe a partir de fotografías.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de presentar un caderno dotado de contidos propios relacionados coa unidade.	TI	30
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe elaborar un esquema das zonas bioclimáticas da Terra que incorpore as características das grandes zonas bioclimáticas da Terra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	As paisaxes naturais. O impacto humano sobre o medio natural.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica varios efectos do impacto da actividade humana sobre a súa contorna e investiga sobre diferentes activistas ambientais valorando a súa dedicación na defensa da natureza.	PE	70
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Propón medidas concretas para paliar os efectos do impacto humano sobre o medio natural.		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece varias medidas implementadas polo Estado para protexer os espazos naturais.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de presentar un caderno dotado de contidos propios relacionados coa unidade.	TI	30
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de investigar sobre as distintas accións que se están desenvolvendo en África para poder frear a desertización e de expresar as súas ideas mediante textos apoiándose en imaxes.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	É quen de argumentar criticamente sobre as consecuencias da transformación das paisaxes naturais.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de xeito activo e crítico en debates orais cos seus compañeiros sobre a importancia da conservación do patrimonio natural no desenvolvemento humano.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas concretas de alcance personal para frear o impacto humano no medio natural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración dun traballo sobre o activismo ambiental no que denuncie prácticas inxustas e promova accións encamiñadas a lograr que todas as persoas vivan de maneira digna nun planeta sostible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
sobre temas curriculares; tormentas de ideas; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; plantexamentos e retos, etc., facilitarase o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes e tamén incentivarase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o/a profesor/a poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiren autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a unidade didáctica a traballar, ademais de romper coa rutina, axudará que o/a profesor/a teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, proponendo alternativas, etc.).

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Propoñeranse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado establecerase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial Vicens Vives.
Apuntamentos e fichas do/a docente.
Cursos Aula Virtual do Centro. XeHi 1º ESO e XeHi 1º ESO pendentes.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado.
Fragmentos de relatos, novelas históricas, comics, prensa, ...
Material audiovisual. Cine e documentais con finalidade didáctica.
Material fungible e informático.
Mapas xeográficos e históricos.
Gamificación.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

Por un lado, o libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades didácticas que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, debemos ter en conta que non debe condicionar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o/a profesor/a, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregarase material complementario, incluso elaborado polo/a docente, que se acomode

ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o/a profesor/a disporá dun curso na AV para programar datas de exames, traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas, entregar tarefas avaliáveis...) que enriquezan a didáctica. Asemade, é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado e mediante a mensaxería consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo diario do/a alumno/a e da súa progresión.

Na actualidade o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o/a docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

Outros recursos didácticos son as novelas, os cómic, o cine ou os documentais que traten algún dos aspectos do currículo de 1º de ESO, pois adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

Tamén pode dispoñerse de xogos xeográficos ou históricos para ser empregados nalgunha ocasión, pois favorecen un bo clima escolar.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

No curso de primeiro de ESO abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a emerxencia climática, o deterioro ambiente, os ODS ...etc., polo que o emprego da prensa na aula pode resultar interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, empregaranse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual e colectiva.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel competencial e a capacidade dos/das alumnos/as. Dita proba diagnóstica de avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. A proba diagnóstica de avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais do alumnado.

Así mesmo é preciso unha proba inicial ou diagnóstica ao comezo de cada unidade didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, .... e ofrecerá información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen na súa totalidade. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os/as alumnos/as teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non van ser valoradas numericamente, xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>2</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>30</b>

#### Cráterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do 1º curso de ESO será:

- Continua, non progresiva. A avaliación é continua na medida en que forma parte dos procesos de ensino e aprendizaxe e ten carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, adoptar medidas curso (de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación), en calquera momento, que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

- Formativa. A avaliación das aprendizaxes das/os alumnas/os terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

- Integradora. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes.

Por unha banda, establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda, os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores (tarefas e aspectos procedimentais), réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas dos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 70% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas. O 30% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os traballos propostos (individuais ou/e cooperativos), o caderno de aula - as actividades de consolidación diarias, reforzo ou ampliación que se propoñan -, a observación diaria na aula da súa actitude, interese e traballo para aprender. A nota da avaliación final será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª avaliacións parciais) e/ou das súas respectivas recuperacións trimestrais.

O curso de primeiro de ESO comprende 24 C.A distribuídos e axustados a cada unha das 12 U.D e, nesta programación, o 70% dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outro 30% mediante táboa de indicadores.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS AVALIACIÓNS PARCIAIS (1ª, 2ª ou 3ª aval. parcial)**

O 70% dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outro 30% mediante táboa de indicadores.

- As probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o/a docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

- A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais; debates, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 9-10; notable 7-8; ben 6; regular 5; moi regular igual ou inferior a 4, valores cos que logo se extrae a media.

Por trimestres estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que: as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

Nota avaliación parcial= [ (Media probas escritas x 70)+ (Media rúbricas T.I. x 30)] / 100.

Consideracións a ter en conta para as cualificacións trimestrais: unha vez realizadas as operacións matemáticas, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o/a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou unidade didáctica pouco afianzada, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL

Como norma xeral, a cualificación da avaliación final será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª avaliacións parciais) e/ou das súas respectivas recuperacións trimestrais.

A nota media das tres avaliacións parciais e/ou das súas respectivas recuperacións, deberá ser igual ou superior a 5 (nunha escala de 1-10) para acadar o aprobado da materia na avaliación final, en caso contrario quedaría pendente.

#### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non aprobe unha avaliación parcial terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita de recuperación baseada nas unidades didácticas traballadas durante a avaliación a recuperar, con igual grao de dificultade que os exames de avaliación, que se cualificará nunha escala de 1 a 10.

Para calcular a nota da avaliación a recuperar considerárase o 70% da proba escrita do trimestre a recuperar e o 30% da táboa de indicadores do trimestre a recuperar. Polo que na recuperación mantense a cualificación do resto dos instrumentos de avaliación. Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación a recuperar considerárase aprobada cando se obtén unha cualificación de 5 ou máis.

Xunto coa recuperación da terceira avaliación parcial, darase a oportunidade de recuperar de novo as dúas primeiras avaliacións a aquel alumnado que aínda non as teña aprobado.

Faranse probas de recuperación independentes por avaliación, e a súa cualificación será a que se teña en conta (sempre que supere a obtida previamente na avaliación correspondente) para a cualificación definitiva. O alumnado suspenso (aqueles que non acadaron 5 puntos mínimos necesarios) deberán presentarse obrigatoriamente ás probas de recuperación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. Dito plan de reforzo incluirá:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.



g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado que pase de curso coa materia de XeHi pendente (sen superar) será convocado ao inicio do curso para explicarlle o Plan de reforzo e se lle entregará unha circular informativa do plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso coa materia sen superar, dirixida aos seus proxenitores ou titores legais. Dita circular deberá devolverse, asinada polos proxenitores (pai/nai) ou titor/a legal, a través do alumno/a. O plan consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en actividades de reforzo e apoio a través das cales se traballan os contidos e competencias clave. Ditas actividades de reforzo teñen carácter obrigatorio e son avaliábeis e serán revisadas periodicamente polo profesorado do curso actual. O/a alumno/a será guiado regularmente polo/a seu/súa profesor/a, o que permitirá orientar e facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten. Asemade o/a profesor/a poderá manter unha entrevista individual con cada un deles para averiguar a adquisición dos contidos reseñados.

A/O alumna/o coa materia pendente deste departamento deberá entregar, en forma e prazo, as actividades propostas no Plan de reforzo de pendentes que están aloxadas na Aula Virtual do IES Alexandre Bóveda. En dito curso AV contan co cronograma das tarefas das distintas unidades temáticas.

En virtude de todo isto, a cualificación suporá:

- 100% da nota acadada nos boletíns de actividades de reforzo educativo que inclúen actividades de reforzo e consolidación de aprendizaxes non acadados, cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DE REFORZO E APOIO**

- Entregar todas as actividades propostas, sen copias, dentro das datas propostas polo profesorado do curso actual. Consultar a planificación no curso da aula virtual.

- A elaboración das actividades ten que ser AUTORIA do alumno/a coa materia pendente.
- Empregar a terminoloxía propia da materia.
- Redactar, con coherencia. Respostas precisas cando estas se requiran e respostas elaboradas con antecedentes e consecuentes cando a pregunta faga referencias a procesos.
- Contestar todo o que se pregunta, xa que son os mínimos os que se preguntan.
- Empregar o libro de texto para responder. Libro de texto de Xeografía e Historia de 1º de ESO da editorial Vicens Vives. No se admite copia e pega de Internet.
- A lingua empregada é a galega.
- Formato das actividades a entregar polo alumno/a debe estar coidado (debe estar realizado a man, a escritura ten que ser lexible, deben manterse as marxes, ... e figurar os enunciados das preguntas).

No caso de que a/o alumna/o non aprobe realizaríase un exame, cando se indicase (publicación do calendario de exame de pendentes por xefatura de estudos), é dicir, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas das fichas de actividades das distintas unidades didácticas e puntuada nunha escala de 1 a 10, non tendo que presentar as actividades de reforzo e apoio. Neste caso, o único instrumento de avaliación será a proba escrita (100% nota de exame).

En cada sesión de avaliación parcial farase o seguimento do Plan de reforzo e avaliación, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Na sesión de avaliación final do curso, o/a profesor/a da materia decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva (igual ou superior a 5) no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado, na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

- 1.- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo, apoio e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado as súas necesidades para facelo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.
- 2.- Para o alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade que se poderán levar a cabo co alumnado, atendendo as súas características e/ou necesidades específicas, poderán ser as seguintes:

- Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
- Adaptar o modelo de exame.
- Promover a participación con preguntas.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Utilizar frases curtas e claras nas explicacións.
- Presentar a idea principal ao principio da explicación.
- Achegarnos a mesa e continuar alí a explicación.
- Utilizar reforzos e apoio visual na introdución oral.
- Supervisión do uso da axenda escolar.
- Facilitar materiais escritos como resúmenes, esquemas e vocabulario dun tema para evitar tomar apuntes ou copiar.
- Facilitarlle máis tempo para rematar as actividades de clase.
- Flexibilizar os prazos na entrega de traballos.
- Promover a titoría entre iguais.
- Usar e reclamar o contacto visual.
- Fraccionar o traballo en tarefas curtas.
- Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
- Incluír actividades reforzo e consolidación de aprendizaxes non acadados.
- Planificar actividades con diferentes niveis de dificultade.
- Planificar actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Incluír tarefas de reforzo educativo cando algún alumno/a precise aprofundar na adquisición dunha estratexia de aprendizaxe, concepto ou procedemento, a través dunha introdución máis básica, unha secuenciación de traballo máis lenta ou un reforzo de exercicios.
- Incluír tarefas de ampliación para alumnos/as con altas capacidades, a través dunha selección de lecturas e de ampliación de actividades.
- Procurar supervisar frecuentemente as tarefas para reconducir no caso de distraccións ou felicitar no caso de que estea executando.
- Reforzar por ter rematadas as tarefas ben feitas, describindo a calidade do traballo.
- Empregar materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluirá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X		X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento			X		X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X		X		X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	
ET.8 - Educación para o consumidor				

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica, democrática e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria. Visita temática á Vila Romana de Toralla, Castro de Vigo, Museo de Pontevedra ou Lansbrica.		X	
Asistencia a charlas	complementaria. Participación nas charlas organizadas polo departamento de XeHi, D.O. e do Plan director.	X	X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria. Saída didáctica ao Campus Lagoas-Marcosende (CPInnova- edusostibilidade) ou ao Círculo de empresarios de Galicia - visita a empresa (P. Atrévete)	X		
Roteiros didácticos	complementaria. Saídas didácticas pola contorna. Ex. senda do Lagares, parque da Bouza, etc.			X
Proxección de cine	complementaria. Documentais ou curtametraxes relacionados cos aspectos curriculares.	X	X	X

### Observacións:

Ao longo do curso poderán realizarse algunhas das actividades reseñadas. Ditas actividades complementarias axudarán a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Asemade, permitirannos afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitarán a socialización do alumnado e permitirán descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Ditas actividades son motivadoras e se adaptan ao nivel de comprensión do alumnado.

Estableceranse tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

Ao longo do curso poderán xurdir outras actividades complementarias e extraescolares.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A PD e a planificación diaria foi adecuada. Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula. Avalía e xulga en función dos criterios de avaliación. Os criterios de cualificación foron axustados. Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación. Ofrece a posibilidade de recuperación. Valora o esforzo diario. A selección e temporalización dos contidos e actividades foi adecuada. Realizou a avaliación inicial. Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación. Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa ...,etc.
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia, planifica leccións e ensina. Motiva ao alumnado. Explica con claridade e é ordenado nas explicacións. Resolve dúbidas. É innovadora. As actividades son variadas e motivadoras. Fomenta a participación e o debate na aula ..., etc.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Crea ambiente de aprendizaxe. A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades. Revisa a realización de tarefas propostas. Emprega unha variedade de recursos. Estimula a colaboración entre iguais, para facilitar a integración e a adaptación ..., etc.
Medidas de atención á diversidade
Leva a cabo medidas de atención a diversidade co alumnado, atendendo as súas características e/ou necesidades específica s...,etc.
Clima de traballo na aula
Sabe dirixir as clases e vela polo bo clima da aula ...,etc.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínase co resto do equipo docente e mantén unha relación estreita coas familias ao longo do curso (Abalarmóbil) ...,etc.

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto ao proceso de ensino e a práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas, rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación ou o remate do curso. Para a valoración do proceso de ensino, dispórase dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispóñase dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades.
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-10

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispóñase dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos,

contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...etc.).

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-10

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente. O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación a través da aplicación Proens e cunha frecuencia trimestral por avaliación por parte do profesorado que imparta a materia e nas reunións mensuais do departamento. Recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

No seguimento de cada UD establecerase: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións (datos que figuran en Proens).

Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

## **9. Outros apartados**

### **1. Revisión do caderno ou cartafol do/a alumno/a**

Traballo diario: O profesorado poderá solicitar os cadernos en calquera momento e sen previo aviso, xa que o alumnado ten a obriga de asistir ao centro diariamente co material preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

### **2. Pautas durante a realización das probas escritas**

Probas obxectivas: Durante a realización das probas escritas, o alumnado non pode ter ao seu alcance dispositivos electrónicos. Non se permitirá ter no pupitre libros ou apuntamentos.

O alumnado que sexa pillado copiando (chuletas, apuntamentos, intercambio de exames, uso de teléfono móbil, reprodutores mp3, smartwatch, audífonos ...) durante a realización das probas escritas será cualificado cun 0 en dito exame. Queda a criterio do departamento, reunido en sesión extraordinaria, a anulación e repetición da proba, mesmo de xeito oral. O profesorado da materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición da proba ou non.

### **3. Ausencia en data de exame**

Probas obxectivas: A non presentación a un exame deberá ser xustificada documentalmente.

### **4. Entrega de traballos trimestrais**

Traballos trimestrais: Calquera traballo que mande entregar o profesorado nunha data determinada considerárase traballo obrigatorio. Se non se entrega o traballo na forma indicada ou na data prevista puntuará 0 e repercutirá na nota final segundo as porcentaxes especificadas.